

BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS DAS CATEGORÍAS DE BASE E ABSOLUTA PARA ASISTENCIA A CAMPIONATOS DE COMPETICIÓN INTERNACIONAL

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. Desde o concello de Moaña promóvese a práctica de actividades deportivas e apóiase o desenvolvemento das mesmas polas distintas entidades deportivas que conforman o tecido deportivo da vila.

Porén, en moitas ocasións ás entidades deportivas teñen dificultades para que os seus deportistas poidan participar en competicións de carácter internacional polos importantes custos de viaxe que supón o desprazamento a ditas competicións. Por este motivo é necesario facilitar o acceso aos deportistas das categorías de base e absoluta para asistencia a campionatos de competición internacional nas distintas modalidades deportivas.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2.l) establece que os municipios exercerán como competencia propia a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Así mesmo, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia no seu artigo 8.1 establece que os municipios exercerán competencias para fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.

Por todo o exposto, o concello de Moaña pretende promover o deporte da nosa vila a través do apoio aos persoas deportistas de Moaña posibilitando a asistencia a campionatos de competicións internacionais. Trátase dunha liña de subvención que se ven concedendo nos últimos anos co obxecto facilitar as persoas deportistas o desprazamento en campionatos internacionais.

Para este fin, destínase no ano 2023 un crédito máximo de 2.200,00 € que se fará efectivo con cargo á partida específica 3410 48015 "Subvención bolsa a deportistas" do orzamento aprobado para o ano 2023 do Concello de Moaña.

I.- Bases reguladoras e financiamento.

Convócase a concesión de axudas a deportistas do Concello de Moaña, ao abeiro das Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Moaña, aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2023.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrência non competitiva.

As axudas outorgaranse con cargo á aplicación do orzamento de gastos para o 2023, 3410.48015 ata o límite de 2.200 euros.

II.- Obxecto da convocatoria.



É obxecto desta convocatoria regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións dirixidas a persoas deportistas do Concello de Moaña seleccionadas para participar en eventos deportivos oficiais que se celebren a máis de 600 kms. do termo municipal de Moaña.

As axudas son individuais e unipersoais para as persoas que se inclúan nas categorías de base e absoluta, e só serán concedidas para participar en eventos deportivos de carácter oficial en competicións de carácter internacional e cuxas disciplinas deportivas e cuxas federacións galega e española sexan recoñecidas polo Consello Superior de Deportes. Só poderán solicitarse estas axudas cando os gastos de desprazamento, aloxamento ou manutención das persoas deportistas non estean cubertos na súa totalidade pola correspondente federación deportiva.

As subvencións reguladas na presente resolución tramitaranse polo procedemento en réxime de concorrencia non competitiva, conforme as previsións establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. O procedemento en réxime de concorrencia non competitiva baséase na finalidade destas subvencións, que teñen como obxecto a promoción do deporte, mediante unha bolsa de axudas a deportistas que faciliten a participación en competicións deportivas de nivel internacional.

A súa xestión realizarase dacordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

III.- Requisitos das persoas beneficiarias.

1. Poderán solicitar estas axudas as persoas deportistas que reúnan os requisitos seguintes:

a) Requisitos xerais:

☐ Reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da axuda das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

☐ Acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma, para coa Seguridade Social e co Concello de Moaña.

☐ En calquera dos casos, entenderase que o/a solicitante, ao presentala solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.

b) Requisitos específicos:

1. Estar empadroadas no Concello de Moaña con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2023, dato que será comprobado de oficio polos servizos administrativos do Padrón municipal de habitantes da propia administración municipal, emitindo ao respecto, o correspondente informe de verificación.

2. Estar en posesión de licenza federativa en vigor na disciplina deportiva correspondente.



3. Ter sido seleccionada pola respectiva federación española ou galega para participar nas competicións de carácter internacional que se celebren ou se teñan celebrado ao longo do ano 2023.

4. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

2. De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso, enténdese outorgado o consentimento para que o órgano administrativo competente consulte de forma electrónica ou por outros medios, a esta Administración Pública, outras Administracións ou Entes, os datos persoais necesarios para a resolución deste expediente/solicitud, en especial, os que acrediten os requisitos de empadramento e atoparse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Moaña.

IV.- Obrigas das persoas beneficiarias

Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

a) Deixar constancia da financiamento municipal coa inclusión da imaxe institucional en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.

b) Responder da veracidade dos datos da solicitud, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitud.

c) Someterse ás comprobacións que, de considerarse oportuno, puidera realizar a Concellería de deportes, así como calquera tipo de comprobación e control financeiro que puideran realizar os órganos de control competentes.

d) Comunicar á Concellería de deportes a obtención doutras axudas para o mesmo fin.

e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social establecidas nestas bases.

f) Participar nas actividades e eventos de difusión e promoción que o Concello de Moaña puidera programar durante o ano seguinte á notificación da resolución.

g) Proceder ao reintegro da axuda así como dos xuros de demora correspondente no caso de:

- Obter a axuda falseando datos.
- Obstruír a comprobación e control financeiro.
- Incumprir as obrigas establecidas nas bases da convocatoria.

V.- Procedemento de concesión das axudas.

O procedemento para a concesión destas axudas de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, será en réxime de concorrencia non competitiva a través da correspondente convocatoria. Excepciónase o requisito de establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos xa que non é necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas ata o esgotamento do crédito.

Para a adxudicación, o órgano Colexiado formulará, a través de órgano instructor, proposta de concesión ao órgano concedente.

O importe total da convocatoria distribuirase entre as solicitudes admitidas no proceso segundo a distribución e límites máximos establecidos na Base I e VII e tendo en conta os criterios establecidos na presente convocatoria.



VI.- Solicitudes.

1. Prazo de presentación e modelo de solicitude.-

As solicitudes presentaranse nun prazo de DEZ días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes de axudas achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electronicamente polo/a deportistas, única e exclusivamente mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles no Catálogo de trámites da sede electrónica do concello de Moaña á que se accede a través da seguinte dirección: <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>, e da web institucional <https://concellodemoaana.org>

2. Formas de presentación da solicitude.-

En cumprimento da obriga imposta polos artigos 14.1 e 14.2.a) e 14d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese que as persoas físicas poderán elixir o uso de medios electrónicos ou non para a súa comunicación coa administración.

De xeito presencial: As persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude no modelo oficial, acompañada da documentación esixida e debidamente cuberta e asinada, no Rexistro Xeral do Concello de Moaña ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso, unha vez cuberto o formulario da solicitude aloxado no trámite correspondente do Catálogo de trámites da sede electrónica, o/a solicitante ou o/a representante legal no caso de menores de idade deberá obrigatoriamente imprimir e asinar o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Moaña ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

De xeito telemático: as persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de MOAÑA (<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>). Este xeito será obrigatorio para aqueles solicitantes que non sexan persoas físicas. Seguindo as instrucións que se indican no trámite externo aloxado na sede electrónica.

Se os solicitantes non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsane as deficiencias en cinco días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

3. Documentación acreditativa.-

Xunto coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Solicitude segundo o modelo oficial, cuberto (Anexo I). No caso de presentar a solicitude por persoa diferente da persoa solicitante, deberá achegarse



poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada.

- Fotocopia do DNI ou documento identificador pasaporte (en caso de cidadáns de países da Unión Europea) ou da tarxeta de residente en vigor (en caso doutras nacionalidades), válido no territorio nacional, da persoa solicitante e/ou da súa representante legal (pai, nai ou titor/a). No caso dos menores de idade, ademais da fotocopia do seu DNI ou outro documento previsto no apartado anterior ou a autorización da súa consulta á Administración Pública, achegárase o do pai ou o da nai ou o do titor.
- Certificado orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou no caso de menores de idade, do/a seu/súa representante legal. A persoa solicitante deberá ser titular ou cotitular da mesma.
- Copia cotexada da licenza federativa da Tempada 2023.
- Certificado da Federación correspondente de que non está cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- Certificado orixinal da Federación correspondente que acredite que a persoa deportista solicitante está seleccionada para competir na competición internacional para a que solicita a axuda e o lugar no que se vai a desenvolver.
- Certificación correspondente da contía asumida pola federación e a contía a aportar pola persoa deportista; nos casos nos que as federacións non acheguen recursos económicos, a xustificación dos gastos asumidos pola persoa deportista.
- Documentos xustificativos de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS).

O Concello de Moaña comprobará de oficio se o solicitante se atopa o corrente con esta Administración Local mediante verificación ao respecto efectuada polos servizos da Tesoureira do concello de cuxo resultado se incorporará acreditación documental no expediente (informe do servizo)

- Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante que conterá o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

Que coñece e acepta as bases da convocatoria.

Que a persoa solicitante ou titor legal asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

Que a persoa solicitante ou titor legal non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pagamento.

Que a persoa solicitante ou titor legal se compromete á comunicación de subvencións concedidas

Os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración actuante poderá consultar ou solicitar devanditos documentos salvo que o interesado opuxésese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento esixísese no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

VII.- Publicidade.-

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Moaña.



Publicidade do financiamento público. Os/As beneficiarias das subvencións deberán empregar o distintivo do Concello de Moaña en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todos os equipamentos, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Moaña” en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.

VIII.- Contía das axudas.

A axuda será única por persoa e ano, e ascenderá aos seguintes importes:

- Unha contía máxima de 300 euros, dado que a axuda non poderá superar a parte á aportar pola persoa deportista, cando o campionato se celebre nunha localidade que diste de Moaña entre 600 e 1.000 kms.
- Unha contía máxima de 400 euros, dado que a axuda non poderá superar a parte á aportar pola persoa deportista, cando o campionato se celebre nunha localidade que diste de Moaña máis de 1.000 kms.

No suposto de que o número de persoas solicitantes que cumpran os requisitos determinase a insuficiencia da previsión orzamentaria sinalada na base I, efectuaríase unha minoración proporcional nos importes de todas as axudas concedidas, para que acadase para cubrir todas as solicitudes.

IX.- Tramitación e procedemento de concesión.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Departamento de Deportes, no cal se comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixera, se considerará a persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

No caso de dúbida interpretativa respecto á contía ou respecto á condición de beneficiario da axuda por parte do solicitante, será o órgano competente quen decida.

Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas por unha comisión de valoración composta por:

Presidente/a:

- A persoa concelleira delegada de deportes.

Vocais:

- A persoa concelleira delegada de Ensino, Normalización Lingüística, Medio Ambiente e Mobilidade.
- A persoa concelleira delegada de Mocidade, Infancia e Voluntariado.
- Secretario/a: Un/ha empregado/a público/a do Departamento de Deportes designado pola presidencia.

Efectuada esta avaliación, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que será elevada á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, previa



fiscalización do expediente dende o departamento de Intervención, propoñendo a estimación ou desestimación das solicitudes formuladas.

A proposta de resolución deberá comprender, cando menos, os seguintes extremos:

- Relación de solicitantes aos que se lle concede subvención.
- Contías concedidas.
- Mención expresa de que as restantes solicitudes se entenderán desestimadas.
- Recursos que se poderán interpoñer contra esta e prazo de presentación destes

X. Resolución.-

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que en caso de dúbida interpretativa respecto do dereito á percepción da axuda, será o órgano competente quen decida, previa solicitude dos informes oportunos.

A resolución de concesión emitírase atendendo á documentación presentada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita polo persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

O prazo máximo para resolver e notificar é de 3 meses, que se computarán desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

A concesión deberá ser notificada ás persoas beneficiarias. Asemade, publicarase no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Moaña a relación das axudas concedidas, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e, contra elas, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

XI.- Xustificación e pagamento.

Os beneficiarios da subvención deberán presentar a documentación xustificativa dos gastos que lle foron subvencionados do xeito indicado nesta base.

As persoas beneficiarias deberán xustificar a súa participación na competición no seguinte prazo:



- Dez días hábiles contados a partir do seguinte á recepción da notificación da concesión da axuda, no suposto de que a competición xa se teña celebrado previamente a dita data.
- Se a competición aínda non se celebrou á data de dita notificación, o prazo será de cinco días naturais contados desde o seguinte á celebración da competición, e en todo caso, a data máxima de xustificación será o 20 de decembro de 2023.

A xustificación realizarase mediante a presentación da seguinte documentación segundo o caso:

- Certificación expedida pola federación española e/ou galega da disciplina en cuestión na que certifique a aportación realizada, polo/a deportista beneficiario da subvención, para a financiación dos gastos das súas participacións en competicións de carácter internacional e xustificante do pago efectuado polo/a deportista. En caso de que a aportación do deportista se realice a través do club, a maiores deberá aportarse certificación do club acreditativa dos gastos asumidos polo deportista e xustificante do pago efectuado polo/a deportista.
- No caso de que sexa o/a deportista quen asuma directamente os gastos da súa participación na competición obxecto de subvención deberán presentarse as facturas correspondente expedidas con todos os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Ademais as facturas estarán datadas no período subvencionable e deberá presentarse xustificación documental que acredite o pago (xustificante transferencia bancaria) ou, no seu caso, facendo constar na factura o “recibín” do perceptor con indicación do DNI, nome, apelidos e sinatura do mesmo.

O Concello de Moaña aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto e/ou facturas achegadas, efectivamente pagadas dentro do período subvencionable, correspondentes aos gastos subvencionables determinados na base II, ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

En ambos supostos as operacións con importes iguais ou superiores a 1.000,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na *Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal*, polo que deberá acreditarse o seu pagamento mediante xustificante bancario.

O pago da subvención efectuarase unha vez que fose xustificada a realización da actividade nos prazos e do xeito previsto nos parágrafos anteriores e realizarase mediante transferencia bancaria a conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.



No caso de que, finalmente, o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

Se a xustificación presentada non reúne os requisitos necesarios, estarase ao disposto nos parágrafos 2 e 3 do artigo 73 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non presentar xustificación ningunha dentro do prazo, declararase á persoa interesada decaída no seu dereito.

XII.-Seguimento, control e inspección.-

O Concello, polos medios que estime oportunos e conforme á normativa en materia de subvencións, comprobará o cumprimento a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a subvención.

Para tales efectos, poderá subscribir contratos para a realización de programas de auditorías das axudas.

XIII.- Reintegro voluntario das subvencións.-

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta que indicará o Departamento de Tesourería, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

A tal efecto presentarán escrito dirixido ao departamento de Tesourería informando da renuncia á axuda e solicitando o número de conta a efectos de reintegro.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar no rexistro do concello copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten os datos identificativos do titular da axuda concedida, a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente

XIV.- Nulidade, Perda do dereito as Axudas, Reintegro e Réxime Sancionador.-

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obtención, falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedisen, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da totalidade da axuda e ao seu reintegro. Esta circunstancia é constitutiva dunha infracción moi grave, segundo o artigo 53.a) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e poderanse impoñer as sancións, recollidas no artigo 61.1 da mesma lei, de multa pecuniaria proporcional do dobre á tripla da cantidade indebidamente obtida

XV.- Tratamento dos Datos.-



De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na información adicional sobre Protección de Datos

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

XVI.- Normativa reguladora.

A presente convocatoria rexerouse polas Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Moaña, aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2022; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que teñen carácter básico; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas e demais normas de dereito administrativo, e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.



ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS A DEPORTISTAS DAS CATEGORÍAS DE BASE E ABSOLUTA PARA ASISTENCIA A CAMPIONATOS DE COMPETICIÓN INTERNACIONAL

A.- DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS.....
NOME.....NIF.....
ENDEREZO.....
LOCALIDADE.....CÓDIGO POSTAL.....
TELÉFONO.....
E-MAIL.....

B.- DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no seu caso)

APELIDOS.....
.....
NOME.....NIF.....
.....
ENDEREZO.....
.....
LOCALIDADE.....CÓDIGO POSTAL.....
TELÉFONO.....
E-MAIL.....
RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE.....

C.- DATOS DEPORTIVOS

MODALIDADE DEPORTIVA.....
CLUBE.....
CAMPIONATO AO QUE ASISTE.....
LUGAR DE CELEBRACIÓN.....
DATA DE CELEBRACIÓN.....

D.- DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA (BASE 6ª):

___ Fotocopia do DNI ou documento identificador pasaporte (en caso de cidadáns de países da Unión Europea) ou da tarxeta de residente en vigor (en caso doutras nacionalidades), válido no territorio nacional, da persoa solicitante e/ou da súa representante legal (pai, nai ou titor/a). No caso dos menores de idade, ademais da fotocopia do seu DNI ou outro documento previsto no apartado anterior ou a autorización da súa consulta á Administración Pública, achegarase o do pai ou o da nai ou o do titor.

___ Certificado orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou no caso de menores de idade, do/a seu/súa representante legal. A persoa solicitante deberá ser titular ou cotitular da mesma.

___ Certificación correspondente da contía asumida pola federación e a contía a aportar pola persoa deportista; nos casos nos que as federacións non acheguen recursos económicos, a xustificación dos gastos asumidos pola persoa deportista.

___ Copia cotexada da licenza federativa da Tempada 2023

___ Certificado da Federación correspondente de que non está cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

___ Certificado orixinal da Federación correspondente que acredite que a persoa deportista solicitante está seleccionada para competir na competición internacional para a que solicita a axuda e o lugar no que se vai a desenvolver.

___ Declaración responsable (modelo Anexo II)

Que todos os datos incorporados á presente solicitude axústanse á realidade, quedando enterada de que a inexactitude dos datos declarados dará lugar á denegación ou revogación da axuda.

....., a de de 20.....

Sinatura:



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a. _____, (no seu caso)
como representante de D./D^a _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Que acepta as bases da presente convocatoria.
- 2.- Que non ten débedas pendentes de carácter tributario co Concello de Moaña.
- 3.- Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Comunidade Autónoma (ATRIGA) e coa Seguridade Social .
- 4.- Que non concorre en ningunha das prohibicións que lle impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- 5.- Que a entidade asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- 6.- Que o importe das subvencións recibidas/solicitadas para este mesmo concepto, desta e doutras administracións públicas ou privadas:
____ Non se me concedeu/Non solicitei ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
____ Si se me concedeu/Si solicitei outra axuda para a mesma finalidade:

ACTIVIDADE	ORGANISMO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

_____, a _____ de _____ de 20_____

Sinatura:



ANEXO III
XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS A DEPORTISTAS DAS CATEGORÍAS DE BASE E
ABSOLUTA PARA ASISTENCIA A CAMPIONATOS DE COMPETICIÓN INTERNACIONAL

A.- DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS.....
NOME.....NIF.....
ENDEREZO.....
LOCALIDADE.....CÓDIGO POSTAL.....
TELÉFONO.....
E-MAIL.....

B.- DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no seu caso)

APELIDOS.....
.....
NOME.....NIF.....
.....
ENDEREZO.....
.....
LOCALIDADE.....CÓDIGO POSTAL.....
TELÉFONO.....
E-MAIL.....
RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE.....

C.- IMPORTE DA AXUDA QUE XUSTIFICA:EUROS

D.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA QUE ACHEGA (BASE 11):

___ Relación clasificada dos gastos:

Nº FACTURA	PROVEEDOR	CIF	CONCEPTO	IMPORTE	DATA PAGO

___ Facturas xustificativas dos gastos de desprazamento, aloxamento e manutención.
___ Xustificantes bancarios do pagamento das facturas.
___ Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Comunidade Autónoma (ATRIGA) e coa Seguridade Social.
___ Constancia, mediante fotografías, da publicidade da Concellería de deportes do Concello de Moaña na competición na que participa.
___ Certificación expedida pola federación española e/ou galega da disciplina en cuestión sobre a participación na competición internacional.
___ Comunicación do importe das subvencións recibidas para este mesmo concepto, desta e doutras administracións públicas ou privadas:

Non se me concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

Si se me concedeu outra axuda para a mesma finalidade:

ACTIVIDADE	ORGANISMO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

Que todos os datos incorporados á presente xustificación axústanse a realidade, quedando enterada de que a inexactitude dos datos declarados dará lugar á denegación ou revogación da axuda.

....., a..... dede 20.....

Sinatura:



